

XUSTIZA E XUSTIFICACIÓN

Deus é principalmente Amor; mais tamén é Xustiza. Ninguén tente esquecelo; ninguén oculte a verdade de que o Pai Eterno espera pacientemente, eternamente, ata pór cada fillo no lugar do Alén que mereceu.

“Con cousas tremendas de xustiza nos responderás, oh Deus da salvación” exclama Daví nos Salmos”. “Ti es a esperanza de todos os extremos da terra e daqueles que están lonxe sobre o mar; es o que pola súa forza consolida os montes, cinxido de fortaleza; es o que aplaca o bruar dos mares, o ruxir das ondas e o tumulto das nacións. E os que habitan os confíns da terra temen os teus sinais”.

Deus a todos deu a opción da inmensa bondade que de El dimana; mais non todos souberon ser merecentes da divina oferta. E algúns viviron desafiando o inmenso poder que axita e acalma os mares, que nos máis afastados lugares do mundo se teme; houbo, hai e haberá persoas descansadas en que o Tribunal Último non vai tomar conta delas.

Pobres criaturas, infelices as súas almas. Dor produce velas coma navío contra os escollos en tormenta, xordas polo vento que as arrastra, incapaces de oíren as

voces que as aconsellan virar de rumbo nun acto final, salvador...

Sábese nesta vila que don Diego —“párroco magnífico” durante tres décadas— oíu consellos de non facer o atropelo do cemiterio civil, pero seguiu adiante incitado por números gordos de beneficio. Era bo negocio xogar con terra non santificada. E xogou.

Agora, podre a súa carne logo de catro veráns en nicho comunal, negociado, beneficioso, trasladaron os restos a tumba senlleira. Pasa de catro anos que o señor cura tratou co seu Facedor canta verdade lle coubese na alma; e fanse quince que deixou este mundo o seu Caudillo Invicto, o que xuntara as forzas da espada e dunha cruz acaparada polo bando vencedor como se a Cruz non fose de todos os que a consideramos Único Signo de Salvación.

Quince anos e segue o silencio. Os que padeceramos rigores de ficha policial, ameaza e castigo, de cadea e posto arrebatado, de multa e negación de clemencia, non somos capaces de falar; vivimos como nese pesadelo que fai espertar coa angustia de ter visto un horror paralizante, enmudecedor. Calamos. Cedemos. Para que algo de paz e liberdade haxa en España, afeitada á falta delas como pregoan os políticos.

Poida que si, pero tamén calamos porque non acaba de suceder o que debía. No ano 1990 seguimos na esperanza da luz; deixámonos levar pola esperanza, arrolados por ela, abandonados ao soño do que algún día ha de chegar.

E non me refiro só aos crentes, que fomos libres na República efémera, senón a todos os disidentes. Para to-

dos é mellor esperar ca protestar e reclamar. Mellor é a escuridade porque permite as promesas da luz; da verdadeira luz.

Aquí, nesta vila, miña tras cincuenta anos de habitala, calamos como en toda a España moldeada a sangue, lume, fogo e chumbo polo último ditador. Así a deixou el, atada e ben atada, e aquí ninguén pide xustiza pola aldraxe, o agravio, o vexame, o asoballamento que un párroco permitiu, consentiu, aceptou ou provocou na seguranza que o réxime político lle concedía. Non hai quen reclame as osamentas dos familiares que non mereceran o respecto do sistema destinado a morrer co Xeneralísimo segundo parecía natural.

Cálase porque parece inútil protestar; porque o sistema pervive e de pouco serve reclamarmos en Lubre o terreo onde inhumar os irmáns evanxélicos, o humilde solo sagrado que eles herdaran dos seus maiores. Malamente se conseguen avances no preito contra a ocupación alá ordenada hai corenta e cinco anos por un abade tan seguro do seu poder como don Diego. A democracia —esta que hoxe temos— é falaz para o pobo adquirido por Deus.

E seguirían os exemplos de abuso sen saírmos da contorna. Velaí as dificultades para pórmos en decencia e decoro o camposanto dos crentes das Lamas, “enterrados no monte como merecen os herexes” (sen hisopo, roquete, estola e cruz de prata na punta dunha vara a xeito de lanza ofensiva); ou para salvarmos da inmundicia as tumbas dos irmáns de San Mamede, ocultas baixo moreas de ornamentos retirados dos sepulcros dos fieis a Roma, daqueles que nunca por Cristo se atreverían a renegar do papa.

Silencio, en tempos de falar ás claras. Silencio, cun goberno socialista en España que faría chorar de gozo o señor Valeriano da Ponte Tea, o do sindicato ferroviario. Silencio, a calar.

Ben. Pido perdón porque do pensamento, e da entraña, me xurdisen frases con ton de carraxe, coma as que sempre me nacen cando lembro o peso da inxustiza maior, a que se fai aos mortos indefensos.

Perdón pola teima. E sigo.

Tentarei explicar por que escribo, por que escribín e por que o seguirei a facer; cal é a idea que me guía, cal o fío do relato en que mergullei; do que dubidei e ao que agora non sabería pór freo.

Da memoria evanxélica que fun desvelando fixen xa dúas partes, unha na que o tempo parecía correr e outra na que se mostraba pousón, esmagante. Nunha devalaron infancia e mocidade, pasaron esplendores de fe e abraios de guerra, grandiosidades da alma, mostras cegadoras de amor e odio. Na outra caeron as tebras sobre o mundo de quen relata o nunca escrito: foi tempo de crime, abuso e tortura, acontecidos na escuridade. Por unha e outra irían desfilando heroes, non coma os definidos por Thomas Carlyle nos escritos que lin na biblioteca do cacique da miña vila natal. Nas dúas partes desta memoria interpretouse o sixilo dos idos e dos fuxidos, sen dereito a biografía, placa, columna, lápida ou mausoleo.

Considero o meu deber e, vendo que Deus non deixa tremer a miña man, vou seguir a cumprilo na esperanza da vida con que El me agasalla minuto a minuto,

horas e días de incalculable valor para quen os goza mentres con eles se achega, avaramente, aos setenta e cinco anos vividos.

75. Esa é a cifra que suxire outra, 1975, ao completo. Deixei o relato da vida nas catacumbas alá por 1950 e vouno retomar nesa altura para terminalo en 1975, logo de que o cineasta “Jaime de Andrade” vise pasar nun instante a película da súa vida (na que puido aparecer Manuel Valeriano Liñares Couto, non polas fazañas dun corneta-enlace na fronte do Ebro ás ordes do Carniceiro de Ferrol senón polas maquinacións contra el por “protestante, masón e comunista”).

Só vou narrar acontecementos ata ese intre que tantos de nós criamos imposible; que pon fin a unha época; que baixa un pano pomposo e monumental á maior traxedia da Historia de España. Non sigo ata hoxe porque para narrar feitos é precisa distancia no tempo, que salienta os principais deles e fai desaparecer os inconsecuentes.

Tempo e distancia; e que outros, se cadra, logo de coñeceren esta exposición de sucesos e mostra de vidas, recollan a testemuña para seguiren a avanzar no inesgotable relato dunha irmandade cristiá que non parou de sufrir...

De novo pido desculpas polo ton acusador con que se dispara a miña prosa; mais sabe ben Quen todo sabe que non é desexo de vinganza persoal o que move os meus dedos á escritura. Por tanto, prosigamos, entoando o himno que en nós ecoa desde os tempos lonxincuos da conversión:

*Ábrenos, Señor eterno,
ábrenos aquel camiño
que ao teu pobo, Israel, abriras
liberándoo do Exipto;
e a través do mar de xentes
seguiremos a voz do teu Unxido.
Traza Ti as nosas xornadas,
sácianos con pan do Ceo;
a Lei santa e venturosa
grava, oh Deus, no noso peito...*